



nota de prensa

Santi Martínez e Xosé Lois Jácome explican a iniciativa que instará á Deputación a apoiar o desenvolvemento do Polígono da Ran

Tanto dende Veciñanza como dende a Coalición Son vese lóxica a posible actuación e o compromiso da Deputación de Pontevedra co Polígono da Ran; pois xa tivo un papel protagonista na promoción de parques empresariais como o de Barro-Meis; dito apoio permitiu o desenvolvemento da zona atraendo a novas industrias que crearon emprego.

Cuntis, 14 de xullo de 2017. Santi Martínez, voceiro do grupo municipal Veciñanza, explicou a iniciativa que presentarán no próximo pleno para que o Concello de Cuntis demande a colaboración económica da Deputación de Pontevedra no desenvolvemento do Polígono Industrial da Ran, e para que o ente provincial asigne unha partida económica destinada a tal fin nos seus vindeiros orzamentos.

Martínez puxo en valor o Polígono industrial da Ran, por ser este “*un eixo fundamental para o impulso socioeconómico que Cuntis precisa*”. Esta área empresarial leva demasiados anos sen regularizar, isto provoca entre outras cousas descenso da poboación ligado á falta de oportunidades laborais e taxas de desemprego alarmantes. Fronte a isto existe a alternativa do Polígono da Ran, que fomentaría o emprego industrial se esta área estivese en plenas condicións.

Tanto Jácome como Martínez ven este polígono como un punto estratéxico e privilexiado, pois está a pé da estrada N-640, preto da AP-9, do Porto de Vilagarcía e de Pontevedra ou incluso Compostela. É por isto, que tanto dende Veciñanza como dende a Coalición Son vese lóxica a posible actuación e o compromiso da Deputación de Pontevedra co Polígono da Ran; pois non é a primeira vez que a institución provincial faría unha achega deste tipo, pois xa tivo un papel protagonista na promoción de parques empresariais como o de Barro-Meis; dito apoio permitiu o desenvolvemento da zona atraendo a novas industrias que crearon emprego.

No vindeiro pleno, presentase pois esta iniciativa que buscará a adopción de diferentes acordos; instar á Deputación de Pontevedra a asumir a importancia do desenvolvemento de dito polígono industrial e a súa implicación nas tarefas necesarias para a súa regulación.





veciñanza

nota de prensa

Ademais, é primordial para Cuntis que a Deputación inclúa nos orzamentos do 2018 unha dotación económica para o desenvolvemento da área empresarial sita no Polígono da Ran. Alén destes principais puntos, Veciñanza tamén instará á institución provincial á creación dun viveiro de empresas na vila, e ao goberno municipal de Cuntis a crear unha comisión de traballo que inclúa a todos os grupos políticos da corporación solicitando así reunións de inmediato coa Deputación de Pontevedra, Xestur e a SEPI.

Jácome manifestou o seu total apoio dende a Coalición Son na Deputación e comentou que *"o obxectivo é continuar realizando este traballo interinstitucional que achegue a Cuntis o necesario para desenvolver o Polígono da Ran, sabendo que é unha loita a longo prazo"*.

